

David Ryan Glowacki

David Ryan Glowacki (1981) é natural de Milwaukee (EEUU). En 2003 obtivo a licenciatura en Química na Universidade de Pennsylvania en Philadelphia, cunha formación en matemáticas, filosofía, literatura comparada e relixións. No ano 2004 realizou un máster en Teoría Cultural na Universidade de Manchester, e foi finalista do Programa Fulbright. No 2008 obtivo o doutoramento en física molecular pola Universidade de Leeds.

Realizou a súa etapa postdoutoral na Universidade de Bristol, onde obtivo un posto permanente no ano 2013 e fundou o seu propio grupo de investigación: Intangible Realities Laboratory. Durante varios anos foi investigador visitante no California College of Contemporary Art (2014-2015) e na Universidade de Stanford (2013-2018), dos Estados Unidos. A súa investigación é multidisciplinar, abarcando áreas diversas como as ciencias da computación, a química física, a estética dixital, a arte e as humanidades.

No ano 2020, o Dr. Glowacki obtivo unha **ERC Consolidator** para o [proxecto NANOVR-Nanoscale design using virtual reality](#). Cunha duración de 5 anos (2022-2027), o proxecto ten por obxectivo desenvolver un novo paradigma para o deseño e simulación de estruturas moleculares a escala nanométrica, combinando técnicas de realidade virtual e computación de altas prestacións. O sistema de código aberto que se desenvolverá no proxecto permitirá aos científicos utilizar simulacións baseadas en realidade virtual para estudar sistemas moleculares complexos, para entender, por exemplo, as interaccións proteína-ligando necesarias para facer fronte a certas cepas de virus.

David R. Glowacki incorpórase como Investigador Distinguido do Programa Oportunius en 2021, para ser investigador adscrito ao Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CiTIUS) da Universidade de Santiago de Compostela. Recibiu numerosos recoñecementos, entre os que cabe destacar o nomeamento como University Research Fellow pola Royal Society do Reino Unido, en 2013; o premio Harrison- Meldola Memorial da Royal Society of Chemistry, en 2014, que recoñece aos mellares científicos de menos de 32 anos; ou o premio Philip Leverhulme do Leverhulme Trust, en 2016, destinado a investigadores novas cunha destacada carreira internacional.

As súas obras de arte inmersivas, que nos incitan a reimaxinarnos como luz, foron experimentadas por máis de 200.000 persoas en catro continentes. Os seus recentes artigos científicos, que demostran que as experiencias de realidade virtual "numadelic" ofrecen puntuacións psicométricas comparables ás das drogas psicodélicas, atraeron unha considerable atención mediática internacional. En 2024, recibiu unha prestixiosa beca de investigación en neurociencia de aproximadamente 900.000 USD da Fundación Tiny Blue Dot, titulada "Experiencias de realidade virtual numadelic para mellorar os resultados de saúde mental en pacientes que enfrentan enfermidades potencialmente mortais", co obxectivo de desenvolver modelos de realidade virtual de experiencias cercanas á morte que axuden a aliviar a ansiedade e a depresión en quenes enfrentan diagnósticos de enfermidades potencialmente mortais como o cancro.